

DECRETO

EXCMA. SRA. DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO DERIVADAS DO ALUGUER DO APUNTALAMENTO REALIZADO NA: "OBRA DE APUNTALAMENTO DO MURO NA RÚA DE FREI PLÁCIDO REI LEMOS" ASÍ COMO OBRAS DE EXECUCIÓN LEVADAS A CABO POLA ÁREA DE MOBILIDADE E INFRAESTRUCTURAS URBANAS.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 69-2023, por un importe total de 25.000,00 €, dentro do vixente orzamento desta Corporación de 2023, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas do aluguer do apuntalamento realizado na: "Obra de apuntalamento do muro na rúa de Frei Plácido Rei Lemos" Refª.:2022/C001/001733 [trátase dun elemento plenamente desmontable e recuperable sendo necesaria ata a execución das obras de reconstrucción do devandito muro (proxecto técnico e documentación remitida ao Servizo de Contratación con compromiso de financiación con cargo ao orzamento 2024)], así como de distintas obras de execución de rebaixe, alzamento e reparacións de beirarrúas... levadas a cabo pola área de Mobilidade e Infraestructuras Urbanas, según pon de manifesto o xefe de servizo de Enxeñería, Pablo Fuentes Failde, coa conformidade do Concelleiro Delegado de Infraestructuras Urbanas, Alexandre Penas Roibás, con data 01.12.2023, e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral 2023, solicítase por parte deste, a tramitación dun expediente de transferencia de crédito.

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2023/2123, de data 29.12.2023, así como o RCMOD núm: 2023/94017, por importe de 25.000,00 €.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 25.000,00 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓNS ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>

Intervención

MVF/lrb

Refª: ispac6990814681435492929.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 69-2023 Infraestructuras Urbanas

13200.12100	25.000,00	15300.20300 15300.21000	17.715,00 € 7.285,00 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	25.000,00 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	25.000,00 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.